

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 12 de agosto de 2024 pola que se fai pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o ingreso no grupo 1 (Dirección do Departamento de Xestión).

De conformidade co establecido na base I.4.1 da convocatoria que regula o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso no grupo 1 do Consello Económico e Social de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro de 2022), esta presidencia

RESOLVE:

Aprobar a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para o ingreso na praza de persoal laboral do Consello Económico e Social de Galicia, grupo 1, Dirección do Departamento de Xestión.

A listaxe de persoas aspirantes admitidas figura como anexo a esta resolución e poderase consultar no portal web corporativo www.ces-galicia.org

A listaxe de persoas aspirantes excluídas, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución e poderase consultar no portal web corporativo www.ces-galicia.org.

As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren en ningunha das listaxes, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para reclamaren ou emendaren o defecto que motivou a exclusión.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa exclusión serán definitivamente excluídas.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2024

Manuel Pérez Álvarez
Presidente do Consello Económico e Social de Galicia

CVE-DOG: ebba5lf3-mi68-lx44-yga8-twksyu2xay0



ANEXO

Relación de persoas aspirantes excluídas

Apelidos e nome	NIF	Causa exclusión
Veiga Hermida, Juan Carlos	***6679**	Non acredita a titulación

Relación de persoas aspirantes admitidas

Apelidos e nome	NIF
Castaño Torrado, Berta	***7897**
Castro Lodeiro, Fernando	***2694**
Liñares Becerra, Natalia	***9840**
Lomba Molinos, Sara	***1755**
Martínez Villaverde, Juan José	***1068**
Reza Conde, María Cristina	***9785**
Seoane García, María del Carmen	***0838**
Vidal Paz, Mari Carmen	***7046**
Zotes Tarrío, Yolanda Nélida	***9798**

